



CÓDIGO DE CONDUCTA DA ASOCIACIÓN SIMBIOSE

INTRODUCCIÓN

Asociación Simbiose é unha plataforma de participación e voluntariado alternativo, independente, apartidista e aconfesional, con presenza rexional que, dende un compromiso global, pretende fomentar a cohesión social da poboación local entre sectores maiorizados e minorizados a través dos seguintes obxectivos:

1. Eliminar as barreiras que dificultan a participación e voluntariado social e/ou ambiental da poboación en xeral, e en particular, dos colectivos minorizados anteriormente citados no artigo V. Para levar a cabo este labor:
 - a. Análise das barreiras existentes, reais ou percibidas, para a participación libre.
 - b. Creación de accións, proxectos e/ou programas que minimicen as barreiras de acceso á participación e voluntariado.
 - c. Sensibilización e promoción da participación e o voluntariado.
2. Visibilizar as opcións de participación e voluntariado social e/ou ambiental. Para levar a cabo este labor:
 - a. Difusión accesible das ofertas e vías de participación e/ou voluntariado no ámbito local e/ou internacional.
 - b. Fomento da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, así como a sensibilización da sociedade galega nas diversas realidades, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas.
 - c. Creación de redes con entidades a nivel local, nacional e/ou internacional co fin de poñer en valor o seu labor, ampliar a súa difusión e animar á participación da poboación civil, poñendo especial atención nas persoas tradicionalmente menos implicadas.

O obxectivo do presente Código é establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta das persoas vinculadas á Asociación Simbiose, baixo estándares de ética e integridade coherentes coa misión, principios e valores da organización.

A Asociación Simbiose desenvolveu este código co fin de:

- Velar polo bo goberno e a transparencia como principios básicos que rexen a nosa xestión interna, reflectindo o noso compromiso organizacional e dando resposta á demanda cada vez máis crecente neste ámbito por parte da sociedade ás entidade de voluntariado.



- Orientar as pautas a seguir en caso de atoparnos ante dilemas éticos no noso ámbito profesional, voluntario e de relación con terceiros.
- Cumprir as obrigas legais ás que estamos suxeitas¹ no territorio no que desenvolvemos o noso traballo, e afianzar o noso compromiso co marco internacional de Dereitos Humanos.

O incumprimento do Código de Conduta dará lugar a medidas disciplinarias (incluída a rescisión da relación contractual ou de compromiso coa entidade), e mesmo nalgúns casos a accións xudiciais, cando así se estime, tras informar ás autoridades e organismos públicos competentes. Cabe mencionar que ditas medidas disciplinarias serán complementarias ás contempladas segundo disposicións legais locais, as cales sempre serán de obrigado cumprimento.

O ámbito de aplicación esténdese a todos os membros da Asociación Simbiose, incluídas persoas da xunta directiva, empregados/as da Asociación Simbiose e as persoas voluntarias, de agora en adiante, "persoas vinculadas".

Adicionalmente, solicitarase a todas os nosos/as socios/as, ás entidades colaboradoras, as empresas colaboradoras coas que se asine un convenio de colaboración, e a aqueles provedores de servizos cos que se estime necesario, que formalicen a súa adhesión ao Código de Conduta mediante a inclusión dunha cláusula no contrato.

DEFINICIÓN DE CONDUCTA ÉTICA

No marco deste documento enténdese por conduta ética aquela que respecta os principios reflectidos no presente Código e que vaia dirixida a contribuír á mellora da sociedade a través do logro dos fins da Asociación Simbiose, primando sempre a dignidade das persoas.

Todos aqueles actos que vaian en contra ou violen o disposto no Código de Conduta serán entendidos como actos reprobables e, por tanto, sancionables.

CONDUTAS ÉTICAS

¹ A nivel corporativo, o artigo 31 bis do Código penal, introducido pola Lei Orgánica 1/2015, o cal establece como un dos requisitos para eximir á persoa xurídica da súa posible responsabilidade penal ante un acto delituoso acontecido no seo da mesma, o dispoñer dun sistema disciplinario que sancione adecuadamente o incumprimento das medidas do modelo de xestión deseñado e implementado para previr e mitigar a comisión de actos ilícitos. Adicionalmente, segundo a Circular 1/2016 devandito requisito presupón a existencia dun código de conduta no que se establezan claramente as obrigacións de directivos e empregados.



Cabe aclarar, que en ningún caso se pretende abarcar todas as situacións posibles que poidan xurdir, senón establecer unhas condutas mínimas que deben orientar ás persoas vinculadas á Asociación Simbiose.

Enténdese por condutas éticas aquelas que encarnan de forma excelente os ideais éticos da Asociación Simbiose, os cales quedan reflectidos nos nosos valores e principios:

- Participación. Traballamos desde a corresponsabilidade da sociedade polos intereses comúns, e das súas organizacións, a través da creación de accións que fomenten a democratización da participación.
- Proximidade. Queremos promover, traballando sempre dende as realidades locais, a importancia de adquirir compromisos globais e de corresponsabilidade social.
- Innovación social. Pretendemos dar resposta ás dificultades no exercicio da participación a través da utilización de metodoloxías creativas, significativas e enriquecedoras, que, sen esquecer os obxectivos, coiden os procesos.
- Compromiso cos dereitos humanos e ambientais. Pretendemos coas nosas accións facilitar o acceso a estes dereitos, e transgredir os roles que en ocasións limitan ós colectivos minorizados.
- Independencia. Somos unha entidade aconfesional e apartidista que leva a cabo a súa misión respectando a liberdade e igualdade de todas as persoas coas que participamos.
- Transparencia. Rendemos contas á sociedade xeral, e de xeito específico, ás persoas e institucións coas que colaboramos, buscando en todo momento eficacia e eficiencia dos nosos recursos.

Así, a Asociación Simbiose promoverá a través deste documento as condutas como parte do compromiso adquirido por todas aquelas persoas físicas e/ou xurídicas que se vinculan coa nosa organización, e así fomentar a corresponsabilidade social, quedando por tanto prohibidas todas aquelas condutas que prexudiquen á persoa, á Asociación Simbiose ou á sociedade nos seus dereitos fundamentais, de maneira que xamais deban tolerarse. A destacar:

- ★ **Tratar a todas as persoas con respecto e rexeitar calquera tipo de acoso, discriminación, intimidación, explotación ou calquera outra actuación en contra dos Dereitos Humanos.** Promoveranse as relacións profesionais e/ou voluntarias baseadas no respecto mutuo, a dignidade, a integridade e a equidade, propiciando un ambiente de colaboración agradable, saudable,



seguro e inclusivo, mostrando respecto a todas as persoas e entidades coas que colaboramos, prohibindo calquera forma de abuso de poder, autoridade ou violencia exercida contra un terceiro.

Así, é responsabilidade de todos/as denunciar aqueles comportamentos que vulneren este principio a través das canles de denuncia correspondentes.

Mención especial merecen os dereitos da infancia, polo que se cumprirán os principios e dereitos recolleitos na "Convención sobre os Dereitos do Neno", xa que a Asociación Simbiose considera unha prioridade a protección do interese superior dos/as nenos/as, mostrando "tolerancia cero" a calquera forma de malos tratos ou abuso infantil. Nesta liña:

- Os/ as membros e voluntarios/as da Asociación Simbiose que manteñan unha relación habitual con nenos/as vinculados á nosa intervención, entendendo por tal cando a súa actividade estea dirixida ao devandito colectivo, someteranse a unha análise previa mediante a achega do certificado de delitos sexuais ou o seu homólogo fóra de España, segundo se establece no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais."
- ★ **Actuar con integridade.** As persoas vinculadas á Asociación Simbiose teñen a responsabilidade de asegurar que a súa conduta sexa coherente coa súa misión, principios e valores, para así salvagardar a imaxe e reputación da entidade; e que as súas accións e decisións non estean motivadas por intereses persoais ou profesionais que poidan xerar un posible conflito de interese.
- ★ **Actuar con imparcialidade nas relacións profesionais.** Mesmo nos casos nos que o intercambio de agasallos sexa unha práctica cultural normal no ámbito profesional, todos os membros da Asociación Simbiose absteranse de aceptar ou ofrecer agasallos, invitacións, atención e, en xeral, calquera tipo de



compensación que teña un valor superior a 50 euros, e que por tanto poida comprometer a independencia propia ou allea na toma de decisións relativas á Asociación Simbiose; quedando terminantemente prohibido calquera intercambio en metálico. Aqueles agasallos e invitacións recibidos que contraveñan o disposto no presente Código de Conduta serán devoltos inmediatamente, e en caso de non ser posible a devolución informárase a Xunta Directiva quen decidirá o destino dos mesmos.

- ★ **Ter hábitos saudables e corresponsables.** O respecto da nosa contorna, a nosa calidade individual e a colaboración con outros actores, serán os alicerces que nos permitirán xerar un desenvolvemento sustentable no tempo. Así, todas as persoas vinculadas á Asociación Simbiose evitarán riscos innecesarios para a seguridade, saúde e benestar propio e/ou alleo; así como poñerán o seu máximo empeño en protexer o medio ambiente, minimizando o impacto derivado das súas actividades.
- ★ **Usar de forma responsable, eficiente e adecuada a información e os recursos financeiros e materiais** postos a disposición por parte da Asociación Simbiose para o desempeño do labor profesional e/ou voluntaria.
- ★ **Cumprir os compromisos derivados da adhesión aos códigos de terceiros** cos que se establece unha relación vinculada á actividade profesional da Asociación Simbiose. A entidade asume, como parte da súa normativa interna o contido destes códigos, comprometéndose á súa promoción e cumprimento.

DIFUSIÓN Y CUMPLIMIENTO DEL CÓDIGO DE CONDUCTA

RECEPCIÓN E ACEPTACIÓN

A Asociación Simbiose comunicará e difundirá entre todas as persoas vinculadas voluntaria ou profesionalmente coa organización o contido deste Código de Conduta, poñendo os medios necesarios para garantir o seu acceso e deixar formalizado o seu compromiso de adhesión.

Para iso, todas as persoas membros da Asociación Simbiose deberán asinar no momento da súa vinculación o “Consentimento informado do marco normativo da Asociación Simbiose” (adxunto en Anexo 1), que será entregado en soporte físico u electrónico á/ao Secretaria/o da entidade ou escaneado a: administracion@asociacionsimbiose.org. As persoas voluntarias poderán tamén entregar este documento firmado ao/á responsable de Voluntariado que



corresponda, respectivamente, no momento da súa vinculación á Asociación Simbiose.

A firma deste consentimento implica o coñecemento e o compromiso co contido do presente Código de Conduta, como parte do marco normativo interno.

A custodia de todas as declaracións, en papel e escaneadas, será responsabilidade da Secretaria/o da Xunta Directiva.

Para as socios/as, empresas colaboradoras e provedores, o seu compromiso de cumprimento quedará recollido nunha cláusula do contrato para formalizar entre ambas as partes, na que se recollerá a súa adhesión ao Código de Conduta, o cal lles será debidamente facilitado.

En caso de ter calquera dúbida que poida xurdir sobre a interpretación ou aplicación deste Código de Conduta deberán consultarse a través de administracion@asociacionsimbiose.org).

COMUNICACIÓN E INVESTIGACIÓN

Todas as persoas vinculadas profesionalmente coa Asociación Simbiose teñen o deber de informar sobre calquera incumprimento ou vulneración do Código de Conduta que puidesen observar no desempeño das súas actividades profesionais. O coñecemento dun incumprimento do Código de Conduta sen denuncialo poderá levar a sancións por parte da Asociación Simbiose, así como aquelas outras que puidesen derivarse. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento dos feitos, debendo identificarse, indicando o seu nome e apelidos, número de identificación (CIF/NIF), razón de vinculación coa Asociación Simbiose, así como medio de contacto (teléfono e correo postal). O persoal que informe acerca de posibles infraccións ou colabore na súa investigación non se verá prexudicado de modo algún, a non ser que desde o principio fosen coñecedores de que dita información era falsa ou actúen de mala fe para prexudicar a outras persoas.

A denuncia interna non exime aos membros da Asociación Simbiose e aos/as voluntarios/as de informar acerca de devanditos delitos ás autoridades de supervisión e organismos públicos competentes cando a situación o amerite.

RÉXIME DISCIPLINARIO



Os incumprimentos que, eventualmente, puidesen darse deste Código de Conduta serán analizados e, no seu caso, sancionados de acordo cos procedementos internos, convenios e normativa laboral vixente.

A gravidade da falta virá condicionada polo grao de intencionalidade, o impacto xerado á(s) persoa(s) afectada(s) e/ou aos intereses e principios da Asociación Simbiose, e a reiteración.

Consideraranse faltas moi graves, entre outras, todo comportamento prohibido e/ou contrario ás condutas recollidas no presente documento, por atentar contra a dignidade das persoas e/ou a identidade, reputación e legalidade da Asociación Simbiose; as condutas que contribúan a impedir ou dificultar o seu descubrimento; así como a infracción do deber específico de poñer en coñecemento os incumprimentos detectados.

No caso de sospeitas fundadas sobre condutas que implicarían unha falta moi grave e/ou que se atopan en proceso de investigación xudicial, a Asociación Simbiose poderá impoñer a suspensión da vinculación de modo cautelar no caso de membros da Xunta Directiva; ou a reatribución das funcións para o resto de empregados/as e voluntarios/as, co fin de mitigar posibles riscos.

A comunicación da sanción á persoa física e/ou xurídica que incorrese nun incumprimento do Código de Conduta será realizada pola Xunta Directiva.

Ningunha persoa vinculada profesionalmente coa organización, independentemente do seu nivel ou posición, está autorizada para solicitar a outros membros do persoal da organización que contraveñan o establecido nesta norma. De igual forma, ningún profesional pode xustificar unha conduta impropia amparándose nunha orientación ou directriz dada nos seus equipos de traballo ou no descoñecemento desta norma.

A Asociación Simbiose resérvase o dereito de emprender as accións legais que considere oportunas contra a persoa física e/ou xurídica implicada, así como contra o emisor dunha denuncia de mala fe. En tal sentido, a Asociación Simbiose denunciará ante as autoridades correspondentes aqueles feitos labores por persoas suxeitas ao presente Código de Conduta e que poidan ser constitutivos de delitos, primando en todo momento as liberdades, dereitos e protección da(s) vítima(s).